

INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA RICARDO MELLA	1º ESO - Bioloxía e Xeoloxía - Curso 2023/24 Actividades corregidas dos Animais		
	Nome:	Data:	

Completa o cadro sobre a dixestión nos animais:

Tipos de dixestión	Características			Animais
Animais sen aparato dixestivo	Teñen células especializadas que capturan o alimento e o dixiren. Despois, os nutrientes difúndense ás demais células.			Poríferos
Animais con aparato dixestivo	Con cavidades gastrovasculares	Estruturas con forma de saco cun só orificio por onde entran os alimentos e saen os refugallos.		cnidarios
	Con tubos dixestivos	Conduto que teñen boca e ano, e con diferentes tramos especializados en cada un dos procesos da dixestión.	Os animais máis sinxelos carecen de glándulas dixestivas.	Anélidos
			Teñen glándulas dixestivas que producen substancias que axudan a realizar a dixestión química	artrópodos, moluscos e vertebrados

Completa esta táboa sobre a respiración nos animais. Coloca aos seguintes animais no lugar da táboa que lles corresponda:

Tipos de respiración	Animais
Nos animais máis sinxelos os gases intercámbianse por difusión entre as células e o medio externo	esponxas - medusas
A superficie do corpo	miñoca - anfibios (adultos)
As branquias	peixes - anfibios (larvas)
As tráqueas	insectos
Os pulmóns	mamíferos - aves - réptiles - anfibios (adultos)

Completa a táboa coas características das distintas formas en que os animais transportan as sustancias dentro do seu corpo. Coloca aos seguintes animais no lugar da táboa que lles corresponda:

Tipos	Características	Animais
Sen aparato circulatorio	Os animais máis sinxelos realizan un intercambio directo de substancias co medio externo a través das membranas celulares.	poríferos e cnidarios
Aparato circulatorio aberto	Nos animais máis complexos, as substancias intercámbianse a través dun fluído interno que rodea as células e móvese grazas a un aparato circulatorio, que pode ser aberto: no que o fluído baña directamente os tecidos do corpo do animal e retorna aos vasos.	Artrópodos - equinodermos
Aparato circulatorio cerrado	Nos animais máis complexos, as substancias intercámbianse a través dun fluído interno que rodea as células e móvese grazas a un aparato circulatorio, que pode ser pechado: no que o fluído circula sempre polo interior dos vasos.	Anélidos - vertebrados

Completa a táboa sobre a excreción:

Tipos	Características		Animais
Sen órganos especializados na excreción	Nos animais máis sinxelos, as substancias de refugallo son eliminadas polas propias células.		Poríferos e cnidarios
Nos órganos excretores	Nos animais máis complexos, os refugallos son recollidos polos fluídos internos e son eliminados por órganos excretores, que filtran o fluído circulatorio eliminando del os refugallos, que son expulsados ao exterior a través de condutos.	Nefridios	Vermes
		tubos de Malpighi	artrópodos
		Condutos renais + Riles	vertebrados

Completa a táboa sobre os receptores sensoriais:

Receptores	Estímulo	Órganos/Sentidos	Características	Animais
fotorreceptores	Luz	Ollos simples	só captan a intensidade da luz.	A maioría dos invertebrados - planaria
		Ollos compostos	formados por miles de unidades ou omatídios, que captan pequenas imaxes do ámbito. A unión destas imaxes proporciona unha visión en mosaico.	crustáceos e insectos.
		Ollos tipo cámara	formados por unha lente que enfoca a luz e unha capa de células fotorreceptoras.	cefalópodos e vertebrados.
mecanorreceptores	Vibracións, gravidade, movemento, presión	Oído	Receptores do son	Vertebrados
		Pel	Receptores do tacto, atópanse por todo o corpo do animal.	Vertebrados
		Liña lateral	Receptores de vibracións ou movemento na auga	peixes
		Ecolocalización	Consiste na emisión de sons e a recepción e interpretación do eco que os obxectos ao seu arredor producen	Morcegos, glofiños
quimiorreceptores	Substancias no aire, auga...	Órganos do olfacto	como as antenas dos artrópodos ou as fosas nasais dos vertebrados.	vertebrados
		Órganos do gusto	como as papilas gustativas da lingua dos vertebrados.	vertebrados

Completa o texto coas seguintes palabras:

O sistema nervioso recolle os *sinais* procedentes dos órganos *sensoriais*, interprétaos e xera *ordes* para elaborar *respostas* coordinadas, que comunica aos órganos *efectores* para que leven a cabo a resposta.

As *neuronas* son células especializadas en transmitir información. Fano mediante sinais eléctricos chamados *impulsos nerviosos*.

Os animais sinxelos, como as *augamares*, teñen unha simple *rede* de neuronas.

Nos animais máis complexos, as neuronas agrúpanse en *centros* nerviosos que procesan a información (os *ganglios* de moitos *invertebrados*, ou o *encéfalo* e a *médula* dos vertebrados) e uns cordóns ou *nervios*, que conectan os órganos sensoriais cos centros nerviosos, e estes cos efectores.

O sistema *endócrino* está formado por uns órganos chamados *glándulas*, que producen unhas substancias chamadas *hormonas* que se verten ao sangue e desencadean respostas coma o crecemento ou a *metamorfose*.

Relaciona os termos coas súas definicións correspondentes.

A. Fragmentación	Órgano que posúen a maioría dos vivíparos e conecta o embrión coa nai.	E
B. Hermafrodita	Unión dos dous tipos de gametos.	C
C. Fecundación	División do corpo do proxenitor en varias partes e cada unha orixina un novo individuo.	A
D. Cigoto	Rotura das envolturas do ovo que deixan libre o novo individuo.	F
E. Placenta	Célula resultante da unión dos dous gametos.	D
F. Eclosión	Individuo que ten os dous tipos de gónadas	B

Enche a táboa sobre os tipos de fecundación:

Tipos	Características	Exemplos
Externa	Realízase fóra do corpo da femia.	Dáse na maioría de organismos acuáticos: Peixes
Interna	Realízase no interior do aparato reprodutor feminino.	Dáse na maioría de animais terrestres (mamíferos) e nalgúns acuáticos como a quenlla

Completa a seguinte táboa sobre como se clasifican os animais segundo o seu desenvolvemento embrionario:

Nome	En que consiste	Exemplos
Ovíparos	O embrión desenvólvese no interior dun ovo nutríndose a partir das substancias nutritivas ou vitelo. A eclosión é a rotura do ovo.	Ovos sen casca impermeable (peixes e anfibios) e con casca impermeable (invertebrados, aves e réptiles).
Vivíparos	o embrión desenvólvese dentro do útero da nai nutríndose a partir da placenta. O parto é a expulsión do novo individuo fóra do corpo da nai.	Os mamíferos, agás os monotremos.
Ovovivíparos	O embrión desenvólvese no interior dun ovo que se aloxa no interior da femia. A eclosión tamén se produce dentro da nai.	Algunhas especies de quenllas e de víboras.

Completa a seguinte táboa sobre os moluscos:

Grupo	Forma do corpo	Alimentación	2 Exemplos
Bivalvo	Cunha cuncha formada por dúas valvas	Filtración	Vieiras e Mexilóns
Gasterópodo	Unha cuncha enrolada en espiral	Herbívoros	Caracol e babosa
Cefalópodo	Na maioría a cuncha está ausente ou é interna e pouco desenvolvida	Carnívoros	Polbo e choco

Clasifica os seguintes invertebrados, indicando o seu grupo e subgrupo:

	Grupo	Subgrupo
1) Xoaniña	Artrópodos	Insecto
2) Choco	Moluscos	Cefalópodo
3) Hidra	Cnidarios	Medusa
4) Lesma	Moluscos	Gasterópodo
5) Cogombro de mar	Equinodermos	Holoturoideo
6) Escolopendra	Artrópodos	Miriápodo
7) Navalla	Moluscos	Bivalvo
8) Centola	Artrópodos	Crustáceo
9) Escorpión	Artrópodos	Arácnido

Emparella os termos da esquerda coas dúas columnas da dereita:

1. Equinodermos

2. Moluscos

3. Poríferos

4. Anélidos

5. Artrópodos

6. Cnidarios

Atrio	3
Pinzas	5
Espículas	3
Exoesqueleto	5
Sistema ambulacral	1
Tráqueas	5
Pé musculoso	2
Cnidocitos	6
Quetas	4
Abdome	5
Cuncha	2
Forma de saco	6

Palpos	5
Cefalotórax	5
Forma de antuca	6
Biso	2
Masa visceral	2
Simetría radial	1, 3, 6
Ás	5
Coanocitos	3
Quelíceros	5
Ósculo	3
Ollos compostos	5
Rádula	2

Completa a táboa dos artrópodos:

Grupos	Corpo dividido en	Tipo de ollos	Nº de patas	Medio no que habitan	2 Exemplos
Arácnidos	Cefalotórax e abdome	Simples	4 pares	Terrestres	1- Tarántula 2- Escorpión
Crustáceos	Cefalotórax e abdome	Compostos	5 pares ou máis	Mariños	1- Bogavante 2- Centola
Insectos	Cabeza, tórax e abdome	Simples e compostos	3 pares	Terrestres	1- Mantis relixiosa 2- Bolboreta
Miriápodos	Cabeza e tronco - Corpo segmentado	Simples	1 ou 2 pares de patas por segmento	Terrestres	1- Cenpés 2- Milpés

Cita 5 características do ser humano:

- Locomoción bípede, o que permite deixar os brazos libres no desprazamento.
- Polgar opoñible, o que proporciona máis destreza ao manipular obxectos.
- Pouco pelo no corpo.
- Pel con numerosas glándulas produtoras de suor para regular a temperatura.
- Crías indefensas que necesitan moitos coidados.
- Visión binocular.
- Desenvolvemento moi importante do cerebro que nos dota da capacidade de razoamento e da linguaxe.

Escrebe perxuicios e beneficios doan animais invertebrados:

Perxuicios

- Algúns insectos como os pulgóns producen pragas, causando danos nos ecosistemas ou nos cultivos.
- Algúns invertebrados como os piollos, mosquitos, pulgas, tenias ou lombrigas intestinais producen enfermidades ou molestias nos seres humanos.
- Outros invertebrados como as arañas, escorpións, augamares ou avespas presentan glándulas velenosas e a súa picadura pode ser desde irritante ata mortal.

Beneficios

- Serven de alimento a outros seres vivos que viven no seu ecosistema, como, por exemplo, os crustáceos aos peixes ou os insectos aos paxaros.
- Os insectos, por exemplo, son fundamentais para a polinización das plantas.
- Algúns invertebrados, como os corais, constitúen ecosistemas de gran valor ecolóxico. Moitos deles foron declarados patrimonio da humanidade.
- Outros, como as lombrigas de terra, contribúen a fertilizar e airear o solo, xa que facilitan a transformación da materia orgánica en descomposición en fertilizante para as plantas.
- Moitos teñen unha grande importancia alimentaria; por exemplo, as abellas ao producir mel e moitos tipos de moluscos e crustáceos que son comestibles e moi apreciados.
- Deles extraíse materias primas que se empregan para gran diversidade de usos; por exemplo, a seda natural, que se emprega na industria téxtil; as esponxas naturais, moi apreciadas pola súa suavidade e por non conter produtos químicos; e substancias para obter medicamentos, como, por exemplo, o própole, unha substancia producida polas abellas que alivia a dor de garganta.
- O ser humano aproveita a capacidade dalgúns insectos para comer outros para controlar algunhas pragas. Por exemplo, a xoaniña úsase na loita contra os pulgóns, os cales danan as plantas.

Escrebe perxuicios e beneficios doan animais vertebrados:

Perxuicios

- Algúns vertebrados poden producir pragas que lle afectan ao ser humano destruindo cultivos, como, por exemplo, algúns roedores, ou provocando molestias e danos, como as pombas nas cidades, cuxos excrementospoden deteriorar edificios e monumentos históricos.
- Hai especies, como as serpes, que poden resultar velenosas para as persoas; outras, como as ratas, poden transmitir enfermidades.

Beneficios

- Moitos vertebrados, como os peixes e as especies de gandería, proporcionanlle alimento e materias primas ao ser humano.
- Algunhas destas especies son utilizadas tamén como transporte e para o traballo agrícola.
- Algunhas especies de vertebrados como os morcegos e as rapaces son útiles para controlar pragas que danan cultivos ou que poden transmitir enfermidades aos seres humanos.
- Algúns vertebrados domésticos, como cans e gatos, proporcionanlles compañía e afecto ás persoas, e mesmo as guían, como os cans adestrados para asistir aos invidentes.